

Infarto Agudo de Miocardio durante a COVID-19:

O infarto agudo de miocardio, é **unha emerxencia médica** que require un rápido diagnóstico e tratamento; a súa mortalidade é moi superior a que produce a COVID-19.

O tempo é vital



Cada segundo conta e o tempo que se tarda en recibir o tratamento é decisivo para evitar riscos maiores que poden derivar por último na morte.

Urxencias
Sanitarias

061 Se pensa que vostede o alguén do seu entorno pode estar sufrindo un infarto **¡Manteña a calma pero non espere chame o 061!**

Recoñece os síntomas



Os síntomas poden variar dunha persoa a outra e poden presentarse todos nunha combinación variable

Habitualmente, dor opresiva no centro do peito que pode irradiar a mandíbula ou pescozo, podendo tamén estenderse ao brazo esquerdo ou mesmo a ambos brazos.



Outras veces maniféstase con dor na parte alta do abdome, sudoración fría, palpitacións ou náuseas
O infarto afecta tanto a homes como a mulleres. As mulleres non deben subestimar os síntomas.



Lembre que un estilo de vida saudable mellora a sensación de benestar e diminúe o risco de enfermarse: protexa e coide a súa saúde cardiovascular